

Non á política de absorcións

Transcribímosvos a carta que enviamos a Jaume Guardiola, conselleiro delegado:

«O pasado setembro entregámoslle 4.300 sinaturas de adhesión do cadro de persoal á nosa protesta pola política de absorcións aplicada no modelo retributivo do SAA. Como lembrará, manifestámoslle que unha política retributiva de salario fechado anual que absorbe calquera incremento de convenio, debe partir previamente da certeza de que o salario asignado a cada empregado é razoable, compensa axeitadamente o seu esforzo e non lle supón unha perda continuada de poder adquisitivo. Vostede sabe que a media de categorías na nosa empresa é inferior á media do sector, así como o número de pagas, o que provoca que a absorción das melloras voluntarias nos poña en perda salarial, como ocorreu este ano.


No citado encontro, vostede instou a que se iniciasen negociacións para abordar esta cuestión e así ocorreu; pero a proposta da Dirección de Relacións Laborais foi pactar un incremento mínimo do 1% para salarios de ata 30.000 euros anuais. É, evidentemente, unha proposta ridícula, non só porque afectaría unicamente ao 10% do persoal do banco, senón, sobre todo, porque pretende avalar unha descarada perda de poder adquisitivo para o cadro de persoal. Debemos ter en conta que nestes momentos a desviación do IPC sobre convenio é dun 1,35% e que o incremento de CCB previsto para o 2008 é do 2%; isto debería supoñer para o 2008 un incremento do 3,35% para o cadro de persoal.

Tendo en conta que falta moi pouco para o mes de xaneiro, mentres non sexa posible acadar un acordo razoable sobre o tema, solicitamos que se apliquen os incrementos mencionados o próximo mes de xaneiro, sen absorcións. Teña en conta que este ano se aplicaron incrementos inferiores aos derivados do CCB a case o 50% do cadro de persoal.

Creemos que é unha petición razoable e esperamos obter unha resposta positiva pola súa parte.»

Decembro de 2007

Conéctate á nosa web: *People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > <http://bs.comfia.net>*

Boletín de afiliación	Enviar a ➔	0901 – 0105 CC.OO.	Sinatura
Nome	Ofi.:		
Domicilio	C.P.:		
Poboación			
Cta. de cargo			DNI
			Data / /
<small>Tus datos serán incorporados a un fichero titularidad de CCOO integrado por los ficheros pertenecientes a la confederación o unión regional correspondiente según el lugar en que radique tu centro de trabajo, a la federación del sector al que pertenezca la empresa en la que trabajes, así como - en todo caso - a la CSCCOO. En siguiente URL puedes consultar los diferentes entes que componen CCOO: http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html. La finalidad del tratamiento de tus datos por parte de todas ellas la constituye el mantenimiento de tu relación como afiliado, con las concretas finalidades establecidas en los estatutos. Además de lo indicado tus datos pueden ser empleados por CCOO para remitirte información sobre las actividades y acuerdos de colaboración que se establezcan con otras entidades. Siempre estarás informado en la web de CSCCOO (http://www.ccoo.es) de dichos acuerdos y de los datos de dichas entidades. Puedes ejercitar tus derechos de acceso, rectificación, cancelación y, en su caso, oposición, enviando una solicitud por escrito acompañada de la fotocopia de tu D.N.I. dirigida a CSCCOO con domicilio sito en la C/ Fernández de la Hoz nº 12. 28010. Madrid. Deberá indicar siempre la referencia "PROTECCIÓN DE DATOS". Si tienes alguna duda al respecto puedes remitir un email a lpd@cco.es o llamar por teléfono al 917028077.</small>			

COMFIA-CCOO grupo banco sabadell

CPI 0901-0105 Tel. (93) 728 93 76 - Fax (93) 726 29 74 CCO0901@bancsabadell.com

<http://bs.comfia.net> adherida a la [unión network international](#)